

NÚMERO 28//MARZO 2024

CHÍO

MÁSCARA



REVISTA CULTURAL DIXITAL

Peza de CanDePapel

POLO FÍO SAE O NOBELO

Conmemorar a poesía no século no que andamos, parece unha empresa quimérica, lonxe do tempo no que vivimos; pero se cadra, vivir fóra dos marcos é o que lle vai a **Chío**.

O 21 de marzo é o día da poesía, esa criatura a medio camiño entre a literatura e a música, que precisa dun control fino e sutil da linguaxe.

*“Mi cuenco de
mendigar
acepta hojas
caídas”*

Taneda Santoka*

O fío que conecta todas as páxinas deste **Chío**, (ou case, se nos poñemos escrupulosos) é a poesía. Porque como dicía aquel: qué é poesía?


Mágoa que non nos decatemos, porén todo é poesía malia que non saibamos, moitas veces, recoñecer a súa linguaxe. Sábeno ben, iso si:

María Pérez, Antón Cando e Toño Núñez que comparten aquí parte da súa alma. E **CanDePapel** que acada resultados poéticos con cada unha das súas pezas.



Agardar que comece a primavera neste mes é tamén un acto poético. Deixar que as flores inunden todo coma unha metáfora das mulleres que sairán á rúa o 8 de marzo, co espírito esperanzado de quen sabe que chanzo a chanzo, tamén se acadan obxectivos.

Así pois, **Chío** volve ser (un número máis) unha illa impregnada de olores líricos, que pendura libre e fantasiosa.



CHÍO.com

CanDePapel


Artesán

CanDePapel agroma das mans de **Xulio Álvarez**, quen as emprega maxistralmente para crear fermosas pezas de origami. Unha arte consistente en pregar papel para darlle diversas formas bidimensionais e tridimensionais, que tivo a súa orixe en China, pero que chega a Xapón no século VI e logra integrarse na tradición daquel país.


O artesán andaba agochado dende ben pequeno, cando co seu pai xogaba a lanzar avións de papel e, se cadra, nin imaxinaba un futuro creativo e manual orientado a esta técnica.

A partir de traballar o papel e logo de ser un auténtico autodidacta, Xulio consegue crear diferentes pezas: figuras de origami, lámpadas, pequenas esculturas, cadros,... obras, na súa maior parte, personalizadas. As pezas, elaboradas cunha especialización depurada, presentan acabados minuciosos e desprenden gran precisión.

É posible seguir os traballos de **CanDePapel** na súa fiestra en Instagram (premer na ligazón)




COLABORACIÓN



SOBRAN AS VERBAS. A OBRA.



Máscara. Cartulina e pintura efecto forja. A partir de plantilla de [@jacksonorigami](#)



Sen título. Cadro retrato




"Suki" Cadro retrato



Perspectiva detalle



As mans do artesan






**"Rata" diseño de Éric Joisel,
plegada por CanDePapel**



"The Deer family" . Cadro lámpada



"Unicornio" Origami tradicional




DÍA DA POESÍA

MARÍA PÉREZ

I
En los columpios
en los que me he mecido
a lo largo de mi vida
he sido feliz
Tomo impulso
mi cuerpo se eleva
Es lo más cerca que estoy
de ser un pájaro

II
Quiero meterme
en tu pequeño cuerpo de gorrión
celebrar la vida
moviendo las alas
lanzando gorjeos
disfrutar de ese trozo de bizcocho
desayuno inesperado
bienvenido y despachado
hasta la última miga

POEMA



Me llamo María Pérez, nací en A Coruña en el otoño de 1976. Si me preguntan qué tipo de libros me gusta leer, me cuesta contestar. Si hago un pequeño esfuerzo, me interesan las autobiografías, novelas de la vida cotidiana, novelas sociales, la poesía de Pizarnik, Szymborska, Emily Dickinson, Pilar Pallarés..., libros en los que la naturaleza se manifieste de algún modo. En el 2020 salió a la luz mi primer poemario, *Las flores del tilo*, con la editorial Medulia e ilustrado por mi hermana Clara. He publicado textos en *Revirada Revista Feminista*. La literatura me apasiona.

Diferente

Elena Candia López

Presidenta do Partido Popular de Lugo



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Nunca hai unha mala pregunta, se tal como encabeza a entrevista, se vai de frente, así que calquera que se fai con honestidade sería boa para facer.

E cal sería a resposta?

Pois do mesmo xeito ca pregunta a resposta sería sincera

Unha película?

Podería escoller varias porque me encanta o cine, pero unha das que máis me impactou ultimamente, "As bestas"

Un actor?

Luis Zahera

Unha actriz?

Melania Cruz

Unha canción?

Negra sombra

Un libro?

Esta si me costa máis, faría unha lista de 10 polo menos

Un autor/a?

Paul Preston

Un articulista?

Pérez Reverte

Un político?

Manuel Fraga

Un tempo?

A Transición, pola capacidade de consenso e polo acerto nas decisións nun momento complexo

Un taco?


Intento non decilos

Que lle molesta?

A manipulación e a mediocridade

Alguén ou algo despreziable?

A guerra



DÍA DA MULLER

LA CONDENADA NEUMANDA


Canto temos escoitado sobre o poder transformador da linguaxe... non sí?

Lera Boroditsky (científica, autora da teoría da relatividade lingüística) ten manifestado claramente que a linguaxe ten un papel moito máis destacado nas nosas mentes do que se viña crendo ata o de agora. Ela afirma *“non é que empregemos a linguaxe para expresar os pensamentos que temos, senón que a linguaxe que falamos é a que permite dar forma ao modo en que pensamos e experimentamos o mundo”*.

E, se cadra, ao ler esto nun espazo adicado ao día da muller, o lector/a pense, automaticamente, na linguaxe de xénero; pero saiban que esta mínima reflexión non vai por ese camiño. Senón pola senda da comunicación mal feita, das mensaxes que inducen a erro polo simple feito de non escoller as palabras co debido respecto.

Non serei eu quen descubra que o 8 de marzo non se celebra nada. Trátase dunha xornada reivindicativa. E se empregásemos o dicionario con máis frecuencia (aínda que non fose o de papel xa) teríamos claro que reclamar non é sinónimo de festexar.

Procuremos entre todos/as mudar o costume, mal implantado, de entender este día como un momento de celebración e loitemos por aclarar que o 8 de marzo é tempo de avanzar na consecución dun espazo en equilibrio de dereitos. Que iso tamén é poesía.



O CHÍO DAS MULLERES MARIÑÁS: 8M NA MARIÑA

ANTONIO GREGORIO MONTES

Marzo non é o mes das flores, tampouco na Mariña. Mais é o tempo no que, tamén na Mariña, se prepara a vexetación para ese maio florido que din os versos para aplicar en todo o hemisferio norte da Terra.

En marzo, dende hai un tempo, tenta florecer o día oito. Séculos e séculos de traballo tentan verse asemade condensados nese día, destilados da vida das mulleres. Mulleres. Cantadas tamén moitas veces como repouso dos guerreiros e silenciadas aínda máis como guerreiras elas mesmas, traballadoras acompañando ó mar ou o campo ó tempo que ós fillos e ó home.

Estou afeito, na Mariña, a ter presente a terra e a xente, engarzadas. Coido que é algo natural, aquí e en calquera parte. Mais hai momentos que obrigan -ao menos, que me obrigan- a escudriñar algo máis, a separar de xeito máis fino. Unha celebración, por exemplo, obriga a mirar máis cara a cara ó que se celebra. Neste caso, o 8M. Un día que leva cambiado a súa presentación dende hai tempo: día da muller traballadora, día da muller, 'a secas'. Sexa como sexa o título, o referente feminino é claro na Mariña. A súa pegada é a que permite á nosa sociedade manterse como tal. E exemplos de mulleres recoñecidas non faltan, como non sobran tampouco exemplos de mulleres non recoñecidas na súa valía e nos seus feitos.

Collamos algunha das primeiras, só recorrendo as rúas de Ribadeo, ou as que saian a bote pronto. -Por certo, pásame pola cabeza, de cantas das que vou nomear oíches falar?- E, outra cousa a lembrar, as mulleres mariñás, aquí citadas ou non, forman parte dun conxunto moito máis amplo dentro da humanidade enteira...


Para comezar. Por estar involucrado no proceso, lembro que estes días está a presentarse un libro sobre **Aurora Sampedro Piñeiro**, barreirense pioneira investigadora no campo dos oligoelementos ou das aliaxes, entre outras facetas da súa vida.

As **Meniñas de Saudade**, que co seu grupo déronlle un pulo á tradición cultural galega que con elas suxeriu un rexurdimento. Unha por unha, todas colleron a testemuña que o conxunto cultivou, obtendo a sociedade un rédito coral e non só cultural.

Que dicir das 34 mulleres represaliadas que pasaron polo cárcere en Ribadeo tras a toma da vila polos sublevados, e que **Pancho Campos** detalla en 'As milicianas de Ribadeo'? Entre elas, **Rosalía Alonso Lastra**, sinxelamente, 'asasinada', como consta nunha das 'pedras da memoria' que lembran ós represaliados na vila.

Corona Gonzalez Santos, muller de **Ramón González**, unha desas mulleres que fan grandes ós homes que son os que aparecen como mascarón de proa dos actos que elas impulsan, idean, viven. Non naceu na Mariña, pero por aquí pasou, e deixou a súa pegada xunto coa das mulleres de aquí.


Luz Pozo Garza, poeta, cun monólito de homenaxe na nomeada súa rúa, xunto á ribadense capela da Virxe do Camiño. Virxe, por certo, representada ó longo da Mariña unha e outra vez, sexa como Carmen, Inmaculada, Dores ou outra denominación.



Manuela Barreiro Pico, farmacéutica pioneira moito antes do tempo de hoxe no que está normalizada a presenza de mulleres nas farmacias, pasando mesmo a ser maioría. Pioneira non só detrás do mostrador, senón nos estudos para os que tivo que pedir permiso por tratarse dunha muller...




E para rematar esta escolma mínima -e por tanto, parcial-, a memoria non me deixa esquecer que son fillo, marido, pai, avó, e tamén irmán de mulleres que saben, todas, do meu recoñecemento, améndo que representa esa palabra ás veces caixón de xastre que é amor. Recoñecemento, si. E soporte. Como sería eu, que faría, sen esa outra faz miña, a modo de 'cara b', a muller da que son marido?



DÍA DO CÓMIC

DÍA DEL CÓMIC 2024



17 DE MARZO
diadelcomic.es



COLABORACIÓN

Tendo cada vez máis presente coma protagonista incómoda nos eidos creativos a chamada IA, dende **Chío** ocupamos este humilde espazo, intentando lembrar o peso do cómic na nosa historia e o importante que é recoñecer a creatividade e a singularidade nun mundo cada vez máis estandarizado. Por riba dos modelos comúns, é preciso resaltar o diferente e único.

Borja González crea este cartel para reivindicar a necesidade dunha lectura pausada e comprensiva e celebrar así o 17 de marzo como o día do cómic.

O sector fai un chamamento á participación e unifica actos e información [nesta web](#)

DÍA DA POESÍA

TOÑO NÚÑEZ



Miño

Das entrañas da Irimia pedregosa
decidiches un día alborexar
para chairas e vales conquistar
co teu canto de fonte rumorosa.

Esta terra de fragas bretemosa
que sucas vitorioso ata acimar
déixase amante aloumiñar
pola túa man lene e sedosa.

Foise contigo moi cedo o avó
unha tarde de inverno sen pardais
e deixoume no barrelo orfo e só.

Escolleu as túas augas sensuais
cando a vida se volveu un negro nó
e regresou ás orixes siderais.



POEMA

MURALLA

Muro ancestral de sangue e pedra,
cerco protector, abrazo amigo;
valado acolledor que dás abrigo
á cidade que no teu solar medra.

Da estirpe dos fillos de Lugh, fogar,
bimilenaria nai que nos defende;
baluarte secular que non se rende
diante dos ventos da serra e do mar.

Por sempre matria e musa serás
da xente que habitamos esta fraga.
E á que chegue tamén acollerás.


Celebro ser póla da túa saga
e tango por ti as miñas campás:
música que se alonga e non se apaga.

MANDA UNHA POSTAL*

O Lugar de antes



POSTAL



Diferente

María Loureiro García

Alcaldesa de Viveiro



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Onde che gustaría pasar o resto da túa vida?

E cal sería a resposta?

En Viveiro. Tiven a sorte de nacer aquí, aquí creime, aquí vivo, tamén se están a criar os meus fillos. E aquí quero pasar os últimos días da miña vida.

Unha película?

A lingua das Bolboretas. Leíno primeiro cando ía ao instituto e logo vin a película. Marabilloso o mestre Don Gregorio: *"se conseguimos que unha xeración crezca libre en España , xa nunca naide poderá arrancarlle a libertade"*

Un actor?

Fernando Fernán Gómez

Unha actriz?

Victoria Abril

Unha canción?

"Mi enfermedad" de Los Rodríguez

Un libro?

"Memorias dun Neno Labrego". Foi o primeiro libro que lin en galego, polo menos que eu recorde e que me marcou. Foi un agasallo de meu pai. Volvín a leelo en diferentes etapas da miña vida. E estou convencida que o volverei a leer.

Un autor?

Manuel Rivas

Un político?

José Ramón Gómez Besteiro, a parte de ser unha gran persona, é un gran político. Aínda non tivo tempo para dar a coñecer en profundo o seu proxecto para Galicia. Estou convencida de que vai calar na cidadanía. Para iso vaise implicar e traballar por e para GALICIA. Como así o fixo como Presidente da Deputación.

Un tempo?

Todos os que vivín. Eu non son de esas persoas que miran o pasado con nostalxia e añoranza. Eu teño bos recordos de todas a etapas da miña vida. E aqueles momentos que non foron bos sirven tamén como aprendizaxe.

Un taco?


Joder

Que lle molesta?

A falta de respecto, a intolerancia e a mentira para facer dano.

Alguén ou algo despreziable?

Desprezo aos intolerantes, homófobos e racistas. E aos que minten para facer dano



semana santa

v i v e i r o
2 0 2 4

EVENTO



DECLARADA DE INTERÉS TURÍSTICO INTERNACIONAL



SEMANA SANTA
VIVEIRO

www.semanasantaviveiro.com

© Fotografía y diseño: *Sanckit*

DÍA DA POESÍA


ANTÓN CANDO

25N (BeSOS)

Muller, grande mullere/
Ao ceo os brazos alzas!/
Repingas unha bágoa/
I berras a desgraza;/
Ai muller, ao ceo cramas!/
BeSOS!!!

PRA GALIZA


Coa ledicia da nai terra/
Onde abraza o mar ó verde,/
Máis fortes cada mañán/
Pensando sò na Galicia/
Rimamos ilusión e traballo/
Ondeamos voces ceibes,/
Muxirnos en Madrí xa non/
Imos todos na bandeira,/
Sempre xuntos os galegos!/
Onte xa foi, avante hoxe!/
Polo compromiso, pola fala...!/
Once mil fontes de cor e folgos/
Resoando pola nosa patria!/
Graciñas sempre bos galegos:/
Ás chairas, ás mariñas,/
Lombas, vales e montañas;/
Irmandiños, loitaremos/
Cada día por sermos nós;/
Iremos coma o pai Miño/
Aledando un país cheo de vida./



POEMA



TIRANDO DO FÍO



E tiramos do fío...

Ata chegar a diferentes tipos de **poesías**, que é o noso fío común neste número: a literaria, a visual, a sonora, etc. , recollendo no proemio cun * un haiku de **Taneda Santoka** (autor xaponés de poemas). Un haiku é unha composición poética xaponesa tradicional. De extensión moi breve, ten por temática a contorna natural e está ligado, ao paso das estacións. Así a todo, a súa característica máis singular é o costume de construílos en base a dúas imaxes que o autor pretende relacionar.

É de **xustiza poética** para nós, darlle o seu espazo aos profesionais do cómic, quen empregando as súas mans e imaxinación, son quen de seguir creando historias con viñetas únicas, a pesar da IA.

*"Manda unha postal" é un guiño especial adicado a todos/as os que están a presenciando a "modificación" urbanística da cidade de Lugo en primeira persoa. A páxina é un imprimible, por ter unha lembranza.

Coma sempre, os **contidos** do **Chío** que responden a unha colaboración expresa, van asinados. As **imaxes** da revista, son cedidas polos seus autores/as ou pertencen a banco libre de imaxes. O cartel da Semana Santa de Viveiro 2024, é obra de **Dani Caxete**.

A modo de recordatorio: é posible descargar e ver este e máis os números anteriores da revista na [web de Chío](#). Opción de balde que ben merece unha rolda de difusión.

Pecha o número 28 de Chío a peza de CanDePapel: "Andoriñas".Origami.



Coordina e dirixe: Melina López

chiorevista@gmail.com

